

A Comisión de Cultura da Delegación de Ferrol do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, formada por:

- D. Ramón Montero Cereiño (arquitecto colexiado nº4362)
- D. José Alejandro Romero Alonso (arquitecto colexiado nº 3250)
- Dna. María Concepción Laborda Alberto (arquitecto colexiado nº 3903)
- D. Miguel Ángel Reimúndez González (arquitecto colexiado nº2851)
- D. Manuel Amable Romero Pérez (arquitecto colexiado nº2484)
- D. Ignacio María Mendizábal Herrero (arquitecto colexiado nº4178)
- Dna. Olga Fra Gálvez (arquitecto)

reunidos en grupo de traballo os días 25 e 26 de maio de 2015, realizan as seguintes aportacións ó texto do Anteproxecto de Lei de Patrimonio Cultural de Galicia remitido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Desde o estatuto de Autonomía de Galicia de 1981, é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma galega o patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia; arquivos, bibliotecas e museos de interese para a Comunidade Autónoma; e o fomento da cultura e da investigación en Galicia. Isto quer dicir que a Xunta e Galicia ten a responsabilidade de conservar, acrecentar e difundir o patrimonio histórico.

A Lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia, no seu artigo 2, establece a colaboración das distintas administracións públicas. Ao noso entender, o papel dos concellos convírtese en moito máis que colaboración ao longo do articulado. Na práctica a responsabilidade dos concellos é parella ou superior á da Consellería de Cultura, ao entenderse que o que acontece cos bens situados no "termo municipal" -e todos están nalgún- é en primeiro lugar responsabilidade da administración local.

O funcionamento interno da Consellería para autorizar as obras nos bens protexidos afonda neste desequilibrio, ao requirir que as solicitudes sexan remitidas polos Concellos xunto a un informe de viabilidade, o que chega a alterar a primacía da autorización autonómica. O control para evitar as obras que se realizan sen autorización da Consellería ou incumprindo as condicións sinaladas nela queda enteiramente en mans dos Concellos, como calquera outra obra. Isto manifesta unha deixación de funcións, o que non sucede con todas as administracións sectoriais: Costas tutela o dominio público marítimo terrestre e as súas zonas de servidume, e o mesmo sucede coas estradas e as canles de auga; teñen un sistema de vixilancia, inspección e sanción propio.

Na nosa opinión gran parte dos esforzos da Consellería céntranse na autorización de obras. Deben autorizar todas as obras que afecten aos elementos inventariados e os seus contornos. É evidente que este réxime autorizatorio, pese a ser exhaustivo, resulta inadecuado e insuficiente para protexer e conservar o patrimonio galego.

En conxunto, as administracións están levando a cabo cambios para a simplificación do control "a priori" e o reforzo do control "a posteriori". A Consellería debe emprender e articular legalmente mecanismos centrados neste control "a posteriori". Cómpre non perder demasiado tempo na

autorización de calquera tipo de obra nun proceso longo e farragoso, e gastar os recursos materiais e humanos controlando o que sucede na realidade o fomentando a conservación. Así, a análise previa e minuciosa polos técnicos da Consellería do proxecto de obra está xustificada nas intervencións nos BIC e nalgúns elementos inventariados, pero noutros casos pode ser substituída por procedementos diferentes.

○ borrador de lei de patrimonio introduce a simplificación administrativa sobre bases acertadas:

- Completar e actualizar os catálogos existentes
- Aprobar criterios de intervención
- Establecer convenios cos Concellos

Aínda que resulta un planteamento incompleto, como tamén resultan noutras administracións, por non articular a intervención a posteriori da Consellería de forma máis contundente -para nós unha cuestión ineludible.

Por último, queremos sinalar o que xa sabemos: todas as reformas legais requiren un pulo político e económico, que afecta neste caso a outras administracións. Os concellos precisan tamén dun reforzo para asumir responsabilidades maiores, máis cando non lle son propias.

A continuación expoñemos unha serie de recomendacións que entendemos melloran a proposta da Consellería.

Medidas de exercicio directo de competencias en materia de Patrimonio Cultural.

- A Consellería de Cultura terá potestade executiva no que atinxe á conservación do Patrimonio cultural, podendo emitir ordes de execución e demais medidas de carácter disciplinar, facéndoas cumprir polo procedemento de execución forzosa ou subsidiária, chegando a expropiación do ben en cuestión.
- As competencias de inspección en materia de patrimonio cultural, especialmente no que atinxe na detección de obras sen autorizar ou que non se axusten á autorización dada, serán exercidas directamente pola Consellería en virtude das súas competencia.

Medidas de concertación administrativa.

- Os promotores de actuacións a realizar sobre elementos inventariados que non sexan parte dun conxunto deberán presentar o proxecto diante da Consellería de Cultura antes de solicitar a licencia urbanística correspondente. Ese documento incluírá tanto unha investigación histórica do ben como un plan de mantemento do edificio unha vez rematadas as obras. A Consellería emitirá, nun prazo dun mes, un informe-proposta no que sinalen ao promotor as condicións de obrigado cumprimento. Dito informe proposta irá incorporado á memoria do proxecto e formará parte das condicións da licencia urbanística a outorgar polo Concello, sendo vinculante para as actuacións.
- A competencia da Xunta de Galicia en materia de inspección, descrita anteriormente, poderá ser delegada á administración municipal, mediante convenio asinado por ámbalas dúas partes.
- En todos aqueles municipios que contén con conxuntos declarados ou inventariados, independentemente que contén con Plan Especial de Protección aprobado, constituirase unha ponencia técnica, da que formará parte, canto menos, catro persoas, unha persoa canto menos que conte con cada unha das seguintes titulacións: arquitectura, arquitectura técnica, seguintes
- A fin de axilizar a tramitación das licencias e excepcionar dos trámites anteriormente ditados aos promotores de obras de mantemento, conservación ou restauración de elementos de inmobles inventariados, ou que formen parte de conxuntos inventariados ou declarados, os municipios e a Consellería de cultura poderán aprobar criterios de intervención que permitan, toda vez que o proxecto ou memoria de intervención se axuste a ditos criterios, excepcionar estas actuacións do trámite de solicitar o informe previo ou someterse ao informe da ponencia técnica.

Medidas de fomento da conservación, investigación e divulgación do Patrimonio Cultural.

- Atendendo a déficit que existe no coñecemento público dos bens que forman parte do Patrimonio Cultural de Galicia e ao coñecemento fondo dos seus valores, propónse:

- adicar un mínimo dun 1% do orzamento de obras públicas da Xunta de Galicia, Deputacións Provinciais e Concellos á programas de difusión do Patrimonio Cultural e os seus valores, entre o público xeral, os centros de ensino universitarios e non universitarios, e á investigación e divulgación científica dos bens integrantes do P.C.
- adicar un mínimo dun 1% do orzamento de obras públicas da Xunta de Galicia, Deputacións Provinciais e Concellos a programas de intervención física no patrimonio cultural.
- A Consellería de Cultura financiará, ao 50%, a redacción do planeamento urbanístico e plans directores daqueles conxuntos e monumentos, respectivamente, que aínda non contén con el, así como a súa revisión.

Medidas de concertación normativa.

- Esta comisión non comparte o criterio de datación proposto como determinante para a protección dun ben de interese arquitectónico. Ademais de resultar un disparate dende a tradición da protección do patrimonio cultural, e dende o punto de vista da historia da arquitectura, xera un problema de inseguridade xurídica cos bens construídos nos últimos 100 que hoxe están protexidos por catálogos e inventarios.
- Se fose un problema de seguridade xurídica será mellor adoptar un criterio de datación equivalente a 50-75 anos de antigüidade, que non exclúa, por exemplo, a totalidade da arquitectura racionalista.
- Propónse que os tipos de intervención (mantemento, conservación, restauración...) se correspondan coas categorías establecidas en documentos como a Ley 8/2013 ou o CTE, a fin de evitar interpretacións contradictorias dos límites entre un e outro tipo de intervención.
- Propónse prohibir a edificación, plantación, tala...no contorno dos camiños de Santiago mentres non se aprobe o correspondente Plan Especial.
- Propónse que os planeamentos xerais dos municipios que contén con un conxunto inventariado ou

declarado, ou identificado como núcleo singular polo POL se doten, nun prazo de 1 ano, dunha norma específica que aborde a mellora da imaxe urbana, no que atinxa como mínimo:

cartelería e publicidade

tendidos aéreos de infraestruturas eléctricas e telecomunicacións.

mobiliario

recollida de residuos

Estes plans ou regulamentos deberán estenderse ao resto dos municipios nun prazo de 3 anos.

- Proponse que a lei explicita que, xenéricamente, a declaración de ruina non supoña a autorización para a derruba dun inmovible, e que nos idiomas protexidos non se debe aplicar o criterio de ruina económica máis qu como un indicador do estado do inmovible e da necesaria intervención no mesmo. A ruina que en todo caso debe valorarse é a que se refire ao estado estrutural do inmovible, propoñendo sempre que sexa posible a intervención mediante apeos e consolidacións orientadas á futura rehabilitación do mesmo.

- proponse que a declaración dun ben ou conxunto ou a súa inclusión no inventario supoña a obriga de modificación puntual do planeamento urbanístico na área que o afecte, a fin de axustar as súas determinacións á protección dos valores recoñecidos.

En Ferrol, a 28 de maio de 2015